

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 3 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se nomea o tribunal cualificador do proceso selectivo, polo sistema de concurso-oposición, para o ingreso, na condición de persoal fixo, na categoría estatutaria de enfermeira/o.

Mediante a Resolución do 15 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos (DOG núm. 58, do 24 de marzo), modificada polas resolucións do 10 de xuño de 2022 (DOG núm. 116, do 17 de xuño) e do 30 de decembro de 2022 (DOG núm. 5, do 9 de xaneiro de 2023), convócase concurso-oposición para o ingreso na categoría de enfermeiro/a.

Na base sétima da antedita resolución dispónse que o tribunal cualificador do concurso-oposición será nomeado pola autoridade convocante cunha antelación mínima dun mes ao da data de realización das probas e, para este efecto, publicarase a oportuna resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 312, do 29 de decembro), establece que os procesos selectivos para a cobertura de prazas incluídas nas ofertas de emprego público aprobadas no marco dos procesos de estabilización de emprego temporal deberán finalizar antes do 31 de decembro de 2024.

Co obxecto de dar cumprimento ao disposto nesta regulación e de conformidade coa base sétima da resolución de convocatoria, esta dirección, como órgano convocante do proceso,

ACORDA:

Primeiro. Nomear os membros do tribunal, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo, polo sistema de concurso-oposición, para o ingreso na categoría de enfermeira/o, convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde do 15 de marzo de 2022, e que se relacionan no anexo desta resolución.

Segundo. Declarar de aplicación a estes procesos as normas de funcionamento e actuación dos tribunais e do persoal colaborador, negociadas e aprobadas na Mesa Sectorial



de Sanidade, á disposición das persoas interesadas na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Terceiro. Esta resolución producirá os seus efectos a partir do mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2023

Ana María Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos

ANEXO

Enfermeira/o			
Presidenta titular	Gómez Martínez, María	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeira
Secretaria titular	Rodríguez Cabo, Esperanza	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal titular	Dacosta López, María	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeira
Vogal titular	Fernández Cabana, Pedro	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro
Vogal titular	Fernández Vázquez, Mario	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro
Vogal titular	González Pérez, Cristina	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeira
Vogal titular	Santomé Pereira, Tamara	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeira
Presidente suplente	Baldomar Obelleiro, Rubén	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro
Secretario suplente	García Souto, José Jorge	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal suplente	Álvarez Martínez, Francisco	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro
Vogal suplente	Fernández Álvarez, Ana M.	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeira
Vogal suplente	Lozano López, Juan	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro
Vogal suplente	Román Losada, Francisco Xosé	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro
Vogal suplente	Soria Lafuente, José Ignacio	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro

